

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf./Fax: 982 330 102/ 982104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de febreiro de 2023 adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

APROBACIÓN DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO LOCAL MUNICIPAL O CENTRO DE MEIRA”.

Vista a providencia da alcaldía de inicio do expediente para a contratación das obras de rehabilitación e acondicionamento do local municipal o Centro de Meira”, de data 23 de febreiro de 2023, que copiada literalmente dí:

“PROVIDENCIA DO ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO LOCAL MUNICIPAL “O CENTRO DE MEIRA”

O Concello de Meira formalizou un convenio de colaboración coa Deputación de Lugo e coa finalidade de poder levar a cabo a rehabilitación e acondicionamento dun local municipal que se atopa na Praza Maior de Meira. Foi un inmueble no que se levou a cabo a actividade de hostelería desde o ano 2010.

Na actualidade non se atopa afecto a un uso ou servizo público e a o paso do tempo implica a necesidade de ter que realizar nel importantes obras de acondicionamento e rehabilitación.

En base ao principio de cooperación e colaboración que rexe ás administracións públicas, a Deputación de Lugo achega ao Concello de Meira a cantidade de 99.800,70 € para as devanditas obras, mentres que o municipio asume os custos derivados da redacción do proxecto así como a dirección das obras e polo importe de 6.655,00 €.

Por outra banda, o Concello de Meira asume a contratación das obras de acordo co disposto na lexislación en materia de contratos

Considerando que lle corresponde ao Concello de Meira a tramitación do expediente de contratación e posterior xustificación da achega recibida, é polo que, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Que se incoe o expediente para a contratación das obras de rehabilitación e acondicionamento do inmueble do Concello de Meira “O Centro de Meira”.

Segundo.- Que considerando o valor estimado do contrato, se tramite baixo o procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Asemade, e tendo en conta a entidade da obra, o lugar da súa ubicación así como outros aspectos vinculados á vila de Meira, propóñense como criterios de adxudicación do presente contrato:

1.-Criterios sometidos a un xuízo de valor: ata 25 puntos.

a) Memoria e programa de traballos: ata 21 puntos.

a.1) Análise da actuación obxecto do proxecto, as actividades e unidades de obra e os condicionantes principais da execución do proxecto: ata 7 puntos.

a.2) Estudio de implantación, acopios e desvíos: ata 7 puntos.

a.3) Programación das obras: ata 7 puntos.

b) Criterios medioambientais: ata 4 puntos.

2.- Criterios sometidos a fórmulas matemáticas: ata 75 puntos.

a.1) Prezo ofertado: ata 40 puntos.



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf./Fax: 982 330 102/ 982104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

a.2) Redución do prazo de execución da obra: 20 puntos.

a.3) Ampliación prazo de garantía: 15 puntos.

Terceiro.- De acordo co disposto na Disposición Adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a presentación das proposicións será no Rexistro Electrónico do Concello de Meira ao non contar cos medios axeitados para elo.

A non utilización de medios electrónicos, non impide que en todas as comunicacións, intercambios e almacenamento de información se preserve a integridade dos datos e a confidencialidade das ofertas e as solicitudes de participación. Desta forma, asegúrase que non se examinará o contido das ofertas e solicitudes de participación ata que venza o prazo previsto para a súa presentación.

Cuarto.- Que se acheguen ao expediente todos aqueles informes que sexan necesarios para a súa aprobación así como os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas”.

Visto o informe de secretaría de data 23 de febreiro de 2023, que copiado literalmente dí:

“INFORME DE SECRETARÍA AO RESPECTO DO CONTRATO DE OBRA MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, PARA A REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO INMOBLE “O CENTRO DE MEIRA”.

De acordo co ordenado mediante providencia do Alcalde do Concello de Meira, o presente informe emítese en virtude dos disposto nos artigos 318.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administracións locais de Galicia, 122.7 e a Disposición Adicional 3ª 8 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP en diante).

INFORME:

PRIMERO. Son contratos de obra aqueles que teñen por obxecto a execución dunha obra, aillada ou conxuntamente coa redacción do proxecto ou a realización dalgún dos traballos enumerados no Anexo I da LCSP, así como a realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou no proxecto da obra, tal e como dispón o art. 13 da LCSP.

SEGUNDO. A lexislación aplicable está recollida nas seguintes normas xurídicas:

1. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
2. O Real Decreto 817/2019 do 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a anterior Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público.
3. O Real decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
4. Lei 39/2015 do 1 de outubro, polo que se aproba a Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCERO. Á vista do valor estimado do contrato, que acada os 82.479,92 €, o órgano competente para levar a cabo a contratación e tramitar o expediente de acordo ao disposto na Disposición Adicional II da LCSP será a alcaldía xa que o importe da contratación é inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento do Concello para o ano 2023.

Por outra banda, mediante o Decreto da Alcaldía do Concello de Meira núm. 227/2019 (BOP de Lugo núm. 160 do 13.07.2019) delegouse na Xunta de Goberno Local, entre outras, a competencia para levar a cabo as contratacións e concesións de toda clase por importe superior a 20.000€, cando o seu importe non exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos.

CUARTO. En canto á proposta de adjudicación deste contrato polo procedemento aberto simplificado, sinalar que é viable de acordo ao disposto no artigo 159 da LCSP.



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf./Fax: 982 330 102/ 982104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

No relativos aos criterios de adxudicación empregados no presente procedemento, Diferéncianse entre os que son obxecto de xuízos de valor e os ponderables automaticamente. Tratándose dun PAS mantense o límite da puntuación dos criterios discrecionais, que non poderá superar o 25% do total (art. 159.1 b) da LCSP).

O art. 145 da LCSP recolle os requisitos dos criterios nos seus apartados 4 e seguintes, insistindo no seu carácter obxectivo, respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, sen que poidan conferir ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.

Pois ben, os pregos (art. 14 dos pregos) efectúan unha detallada, e subvalorada, definición dos aspectos para considerar, o que se entende plausible en orde ao cumprimento dos obxectivos sinalados. Non se entra na súa consideración en concreto dada a evidente falta de especialización técnica deste informante, estimándose que a singularidade e non solapamento das mesmas responde á súa adecuada proposta por técnico competente.

Sexa como fora, a valoración haberá de efectuarse en termos homoxéneos e por contraste para todas as ofertas, sendo o suficientemente motivada, de acordo coas pautas expostas na STS de 24.09.2014. Neste sentido, a distribución de puntos efectúase en atención a unha escala predefinida (segundo o grao de cumprimento, en abstracto, de cada un dos elementos que definen os criterios expostos). Con todo, deberá motivarse e explicar o porqué da inclusión nesa banda de valoración do suposto específico, coa puntuación consecuenta, é dicir, aquilo que non cumpre e lle resta.

En canto aos criterios avaliábeis mediante fórmulas atópanse precisados por orde decrecente de importancia.

O Informe núm. 2/2015, do 17 de marzo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón) conclúe que o criterio prezo debe ser, con carácter xeral, un dos compoñentes necesarios para conseguir unha comparación de ofertas correcta para a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa. En todo caso, o citado informe argumenta que, de forma excepcional e con motivación detallada, precisando no expediente as causas que así o xustifique e que deberán estar vinculadas necesariamente ao obxecto do contrato, poderíase prescindir do devandito criterio.

QUINTO. O procedemento a seguir é o seguinte:

2. A tramitación do expediente iníciase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato, determinando a natureza e extensión das necesidades a cubrir, así como a idoneidade do seu obxecto e contido, deixando constancia de todo elo no expediente, segundo dispón o artigo 28 en relación co artigo 324.2.a) da LCSP.
3. Así mesmo, deberase motivar a elección do procedemento nos termos do artigo 116.4.a) da LCSP.
4. Iniciado o expediente de contratación, ordenarase a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato.
5. Ao expediente incorporaranse os informes de secretaría respecto ao procedemento a seguir e de intervención, que fiscalizará o gasto e no seu caso procederá á retención do crédito necesario para afrontar os compromisos de pago.
6. O Alcalde aprobará o expediente cos pregos achegados.
7. En aras a dar cumprimento aos principios de publicidade e concorrència que deben rexer a contratación administrativa, os pregos deberán estar publicados no perfil do contratante do concello.

O anuncio de licitación do contrato unicamente precisará de publicación no perfil de contratante do órgano de contratación.

Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta ten que estar dispoñible por medios electrónicos desde o día da publicación do anuncio no devandito perfil de contratante.

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

8. Os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras, subministración e servizos cando se cumpran as dúas condicións seguintes:



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf./Fax: 982 330 102/ 982104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros no caso de contratos de obras, e no caso de contratos de subministración e de servizos, que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 140.000 euros.

b) Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non supere o vinte e cinco por cento do total, salvo no caso de que o contrato teña por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñería e arquitectura, en que a súa ponderación non poderá superar o corenta e cinco por cento do total.

O prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a quince días a contar desde o seguinte á publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación. Nos contratos de obras o prazo será como mínimo de vinte días.

9. A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do candidato proposto fronte á Administración. O órgano de contratación requirirá ao candidato que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que houbera recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato e de constituír a garantía definitiva.

Se no prazo concedido, non presentara a documentación, entenderase que o candidato retira a súa oferta, procedendo neste caso a recabar a mesma documentación ao seguinte candidato.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran nos pregos.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos, publicándose simultaneamente no perfil do contratante. A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores o candidatos designaron no momento de presentar as súas proposicións.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro do prazo de cinco (5) días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Formalizado o contrato en documento administrativo, procederase á execución da obras obxecto deste contrato no lugar que se lle designe ao efecto.

CONCLUSIÓN:

O procedemento aberto simplificado proposto de contrato administrativo das obras de rehabilitación e acondicionamento do inmovible municipal “O Centro de Meira”, deberá seguir os trámites sinalados no presente informe.

O órgano competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local do Concello de Meira.

Este é o meu informe, salvo mellor criterio fundado en Dereito, non obstante o órgano de contratación decidirá o que estime máis conveniente para a defensa dos intereses do Concello”.

Vista a memoria xustificativa, e visto o informe de intervención.

Visto o prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, para a realización das obras de “Rehabilitación e acondicionamento do local municipal O Centro de Meira”.



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf./Fax: 982 330 102/ 982104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes que son o número que legalmente a constitúen en votación ordinaria,

ACORDOU:

Primeiro: Iniciar o expediente de contratación polo trámite de procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria para a realización das obras de “Rehabilitación e acondicionamento do local municipal O Centro de Meira”, por importe de 99.800,70 €, dos que 82.479,92 € corresponden a execución material e 17.320,78 € correspondente ao IVE.

Segundo: Prestar aprobación o prego de cláusulas administrativa que rexerán a contratación.

Terceiro: publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante en aras a dar cumprimento aos principios de publicidade e concorrencia que deben rexer a contratación administrativa.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde, que firmo en Meira na data da sinatura electrónica.

A secretaria accidental

Visto e prace

O alcalde

Antonio de Dios Álvarez

Documento assinado electrónicamente

